



**ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ**, deputada do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A SOLICITUDE A REAL ACADEMIA GALEGA PARA DEDICAR O DÍA DAS LETRAS GALEGAS DE 2023 A ANTÓN TOVAR BOBILLO**.

Antón Tovar Bobillo foi o poeta galego intimista e de fonda preocupación social máis importante da segunda metade do século XX. Este ano celebramos o centenario do seu nacemento na localidade da Pereira, no concello ourensán de Rairiz de Veiga. Faleceu na cidade de Ourense o 16 de xuño de 2004, cumpríndose tamén actualmente os 25 anos do seu pasamento. Tovar Bobillo escribiu en lingua castelá e lingua galega e foi encadrado na denominada “promoción de enlace”.

O poeta amaba Galicia e amaba profundamente a súa aldea da Pereira, onde pasou os momentos máis felices na súa infancia. A súa obra, que é profundamente existencialista, pon o foco especialmente na procura de Deus, na procura de respostas ante a vida ou no tormento da súa alma. Quedaron patentes nos seus escritos e nas súas obras o sentimento poético sincero e o intimismo e a fonda preocupación social que marcaron amplamente a súa traxectoria literaria, converténdose nun dos poetas máis relevantes en lingua galega do pasado século. Tamén foi membro correspondente e de honra da Real Academia Galega (RAG).

A súa proluxa obra abarca varios estilos como os relatos curtos, os diarios e o ensaio, pero foi principalmente poética. Escribiu indistintamente en galego e en castelán e a súa produción quedou recollida, entre outras, en obras en castelán como *El tren y las cosas* e *La Lanzada*, pero sobre todo nos seus libros escritos e publicados en galego. Neste ámbito destacan *Arredores* (1962), *Non* (1967), *Calados Esconxuros* (1980), *Berros en voz baixa* (1990), *A nada destemida* (1991) ou *Diario íntimo de un vello revoltado*, publicado no ano 2001. Igualmente promulgou algunhas pequenas colaboracións na prensa e nalgunhas revistas.

En 1942 gañou a oposición a Contador do Estado e exerceu como funcionario do Ministerio da Facenda ata o ano 1967, no que foi expulsado deste corpo pola súa militancia política. A partir desta época traballou na histórica librería Tanco da capital ourensá, onde exerceu como responsable do inventario e asesor de edicións. Diversas fontes que estudaron a súa vida e obra relatán que en Tanco estableceu relación con outras importantes figuras como Vicente Risco, Xesús Ferro Couselo e Xosé Luis López Cid. Nesta etapa tamén tivo acceso a libros prohibidos pola ditadura.

Nos anos 2018 e 2020 xa houbo municipios da provincia de Ourense como Xinzo de Limia nos que se aprobou por unanimidade de toda a corporación, un recoñecemento a súa vida e obra, así como solicitar á Real Academia Galega dedicar o Día das Letras Galegas a Antón Tovar Bobillo. Polo tanto, cremos que é momento de que a Deputación Provincial de



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

Ourense tamén se posicione en favor do necesario recoñecemento dun dos escritores ourensáns máis relevantes das últimas décadas.

Desde o PSdeG-PSOE defendemos, unha vez máis, que neste ano do centenario do seu nacemento, este ilustre literato ten méritos dabondo para que a Real Academia Galega lle dedique o Día das Letras Galegas do ano 2023.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar á Deputación Provincial de Ourense a solicitar á Real Academia Galega (RAG) que lle dedique o Día das Letras Galegas do ano 2023 ao escritor ourensán Antón Tovar Bobillo.
2. Instar ao goberno da Deputación Provincial de Ourense a que dea difusión, a través de todos os medios cos que conta a institución, da candidatura de Antón Tovar Bobillo para que lle sexa concedido o Día das Letras Galegas de 2023.

En Ourense, 1 de decembro de 2021.

Asinado: Elvira Lama Fernández

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**